sindicato
labrego galego
comisións labregas

membro de:

Gabinete de Prensa - R/ Ofelia Nieto 13-23, baixo. 15705 . Santiago de Compostela
981 554 147 / 649 541 773 prensa@sindicatolabrego.com www.sindicatolabrego.com

Comunicado de prensa (8 de xaneiro de 2014)

O Sindicato Labrego Galego solicítalle á Consellería medidas para paliar os gravísimos danos dos temporais deste nadal nas explotacións agrarias e gandeiras

O Sindicato Labrego Galego solicítalle á Consellería do Medio Rural que se habilite con carácter de urxencia un plano para avaliar e posteriormente paliar os fortes danos nas explotacións agrarias e gandeiras ocasionados pola chuvia e polo vento dos temporais que chegaron a Galiza neste Nadal.

As fortes rachas de vento, que chegaron aos 185 km/hora en ocasións, produciron graves danos nas estruturas dos invernadoiros en diferentes partes do territorio, en cubertas de naves agrícolas e gandeiras, así como diferentes infraestruturas. Ademais as chuvias, con rexistros de máis de 139 litros por metros cadrados, tamén orixinaron graves danos nos cultivos, asolagamentos de explotacións, arrastres de terras... A todo isto, aínda habería que engadir os danos ocasionados por cortes prologados de subministro eléctrico en moitas comarcas.

Os numerosos exemplos que estes días se están a comunicar nas oficinas do Sindicato Labrego evidencian a gran magnitude do problema, polo que dende o SLG solicitámoslle á Consellería do Medio Rural que se habiliten de inmediato medidas de apoio ás explotacións afectadas.

Hai que ter en conta que no sector da horta, un dos máis danados polos temporais, hai unha problemática xeral coa falta de adaptación dos seguros agrarios á realidade das explotacións galegas, o que fai que moitas non teñan ningunha póliza ou cobertura para este tipo de danos. Tendo en conta que no ano 2013 xa as condicións metereolóxicas ocasionaron inicialmente fortes retrasos nas colleitas e logo perdas acumuladas ao longo do ano, danos deste calibre nos invernadoiros e nas explotacións poden supoñer o peche de moitas explotacións, de non tomarse as medidas oportunas.

sindicato
labrego galego
comisións labregas
membro de:
Gabinete de Prensa - R/ Ofelia Nieto 13-23, baixo. 15705 . Santiago de Compostela
981 554 147 / 649 541 773 prensa@sindicatolabrego.com www.sindicatolabrego.com

Miguel Méndez de Vedra con un invernadoiro arrasado e fortes danos en toda a explotación ou Carmen Jamardo , da parroquia de Frades na Estrada, con outro invernadoiro enteiro destruído, tanto estrutura coma plásticos o día de noiteboa, son dous dos múltiples casos de danos que se rexistran por todo o territorio galego.

A rotura dos plásticos,por exemplo, é un dos problemas que máis se repite e o seu custo de reposición resulta moi elevado. Mesmo houbo chuvias e saraivas que arrasaron con diferentes cultivos moi importantes nesta época do ano como os grelos ou as nabizas. Os produtores de varias comarcas como Betanzos consideran que a perda na colleita de grelos deste ano pode superar o 30%. O cereal de inverno que xa estaba cultivado en comarcas como a Limia quedou totalmente destruído en moitas parcelas, despois de ter feito todos os labores e os gastos para o seu cultivo.

Unha queixa xeneralizada son as dificultades no subministro de corrente eléctrica, e comeza a ser habitual en moitas comarcas os cortes de subministro continuados ocasionando importantes danos. Dende o Sindicato Labrego Galego, consideramos que a Administración debe facer unha avaliación deste feito, que afecta a numerosos sectores e ocasiona múltiples danos, e esixir que as empresas subministradoras se comprometan en ter a rede en mellores condicións, garantindo o subministro, e mesmo asumindo as responsabilidades dos prexuízos causados. Como uns dos múltiples exemplos que se poderían dar citamos a parroquia de Cabaleiros no concello de Tordoia que chegaron a pasar 3 días sen luz. Isto é totalmente inadmisible nos mundos de hoxe e responde a unha actuación neglixente das compañías subministradoras e da propia Administración.

Teléfono de contacto: **Miguel Méndez** (628206755) responsable da Dirección da Horta do SLG e labrego afectado polos temporais, **Carmen Jamardo** (619021124), labrega afectada da Comarca da Estrada e **Isabel Vilalba** (608905444), Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego.